

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 18 DE SETEMBRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en estradas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.
- Acordo polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptibles de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o cambio de titularidade de varios treitos antigos das estradas autonómicas AC-102, AC-110 e AC-862 a prol do Concello de Cerdido.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cerdido para a execución da obra de abastecemento a Cerdido desde o río Seixo e a ETAP de Cerdido (Pontevedra) (clave OH.236.1033), por importe



dun millón cento corenta e catro mil novecentos un euros con trinta e oito céntimos (1.144.901,38 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación para a Promoción da Innovación, Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria da Automoción de Galicia (CTAG) para o desenvolvemento dun proxecto no ámbito da tecnoloxía HMI (Interfaz Home Máquina) para funcións avanzadas de automoción.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o balance de actuación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) 2009-2014.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o desenvolvemento do Programa de hipoacusia.



A XUNTA HOMOXENEIZA UNIFORMES, ACREDITACIÓNS, DISTINTIVOS E INSIGNIAS DO PERSOAL DE PROTECCIÓN CIVIL DE GALICIA

- *As agrupacións disporán de catro anos de prazo para adaptarse aos cambios establecidos a partir da entrada en vigor do decreto coa súa publicación no DOG*
- *Esta imaxe corporativa única e homoxénea constituirá un símbolo identitario perante a cidadanía*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regulará a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de Protección Civil inscritas no Rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, de cara a que esta imaxe corporativa única e homoxénea constitúa un símbolo identitario perante a cidadanía galega.

O Goberno galego decidiu que debido á existencia na actualidade dun importante número de efectivos dedicados a estes labores e transcorrido tempo dende a entrada en vigor da Lei de emerxencias de Galicia, seguindo coas súas directrices, é necesario proceder a regular e homoxeneizar a acreditación do persoal voluntario das AVPC, da súa uniformidade e distintivos externos que axuden á súa identificación e visibilidade ante a sociedade e tamén ante os demais corpos actuantes nas emerxencias, como colaboradores da protección civil e das emerxencias con formación e profesionalidade.

O decreto establece tamén a imaxe corporativa das AVPC, a sinalización exterior e interior de oficinas ou dependencias, os elementos de configuración externa e o deseño das condicións de marcación e rotulación dos equipamentos de mobilidade á disposición do persoal dos servizos municipais de protección civil e dos grupos de emerxencia supramunicipais.

Acreditación

O persoal voluntario das AVPC deberá seguir un curso de formación básica, organizado ou homologado pola Xunta de Galicia, co fin de obter a acreditación precisa para o exercicio da súa función. A superación do devandito curso dará dereito á obtención do carné de persoal voluntario do sistema integrado de protección civil e de xestión de riscos e de emerxencias de Galicia.

O currículo do curso de formación básica será un compendio de coñecementos básicos en protección civil, prevención e extinción de incendios, primeiros auxilios, comunicacións e riscos, repartido en horas teóricas e prácticas e será deseñado e impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública, organismo da Xunta de Galicia con competencias nesta materia, que expedirá os diplomas correspondentes.



Os voluntarios de protección civil contarán, ademais, cun carné identificativo cunha fotografía, un número de identificación, a agrupación e o concello a que pertence, o logo da Xunta de Galicia e o escudo de Protección Civil.

Uniformidade

As AVPC dotarán o seu voluntariado, no desenvolvemento das súas actividades como tal, da vestimenta adecuada de acordo o establecido neste decreto. As pezas de uniformidade previstas neste decreto deberá utilízalas o persoal voluntario de protección civil e os servizos profesionalizados de protección civil municipal, cando, en relación con estes últimos, o concello correspondente o determine.

A vestimenta do persoal voluntario das AVPC estará constituída por dous modelos de uniforme, tendo en conta as diferentes circunstancias en que desenvolven as súas funcións e actividades, como o uniforme de faena ou traballo e o uniforme de representación e gala.

Nas actuacións que supoñan especial risco, tales como incendios, risco químico, estar en contacto con determinadas substancias perigosas ou nocivas, pode determinar que os actuantes terán que levar, necesariamente, outra indumentaria de intervención, que cumpra cos parámetros de visibilidade e seguridade establecidos na normativa vixente para os efectos, adaptándose este tipo de prendas, no posible, á estética regulada neste decreto.

A vestimenta contará tamén cunha serie de insignias e distintivos que varían segundo o persoal pertenza á escala básica, á executiva ou á escala superior. Os uniformes estipulados só deberá utilízalos o persoal voluntario de protección civil e durante o desempeño do seu traballo como tal.

Distintivos e insignias

Continuando coa homoxeneización da uniformidade do persoal voluntario, é necesario regular os tipos e o uso dos seus distintivos, que son os que permitirán o seu recoñecemento a través do seu grao, escala e AVPC de pertenza.

Así, o decreto considera tamén como insignias os escudos de Protección Civil, do concello onde radique a sede da AVPC e as insignias que levarán as prendas do uniforme son o escudo do concello na manga dereita, o escudo de Galicia na manga esquerda e o escudo de Protección Civil, co nome da AVPC e o concello onde radique esta, no lado esquerdo do peito e nas pezas de cabeza.

Mobilidade

No que atinxe aos equipos de mobilidade (turismos, furgonetas, todoterreos, motos, embarcacións,...), tamén deberán cumprir coas características e especificacións



técnicas, xa que a través desta regulación a cidadanía recoñece os servizos de protección civil e emerxencia e visibiliza elementos que teñen que ver coa prevención de riscos e coa intervención nas emerxencias, conseguindo transmitir seguridade a poboación.

A partir da entrada en vigor do decreto, as agrupacións de voluntarios de protección civil disporán dun prazo de catro anos para adaptarse e incorporar os cambios establecidos.



A XUNTA INCLUIRÁ CANALIZACIÓNS PARA AS TELECOMUNICACIÓNS EN TODOS OS PROXECTOS DE ESTRADAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA

- *Así o regula o primeiro decreto da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia*
- *Esta medida axilizará a implantación das redes de telecomunicación no territorio, reducindo os custos asociados á obra civil, que supoñen ata un 80% do importe total dos despregamentos*
- *O operadores poderán facer uso destas canalizacións a cambio do pagamento dunha taxa polo uso do dominio público*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a remisión ao Consello Consultivo do Decreto que regula a inclusión de infraestruturas de telecomunicacións en todos os proxectos de estradas promovidas polo sector público autonómico.

Este decreto é o primeiro desenvolvemento normativo da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, que estableceu o marco legal necesario para garantir un despregamento áxil, ordenado, eficiente e respectuoso co ambiente das infraestruturas de telecomunicacións.

Reducir custos, aproveitar sinerxías

Esta medida impulsará o desenvolvemento das redes públicas de telecomunicación no territorio, facilitando que estas redes cheguen a máis poboación, ao reducir os custos asociados á obra civil de telecomunicacións, que supoñen un 80% do importe total dos despregamentos.

A inclusión destas infraestruturas na fase de execución das obras públicas non ten un impacto relevante nos orzamentos públicos. Unha vez executada a obra, os operadores poderán facer uso destas canalizacións a cambio do pagamento dunha taxa polo uso do dominio público.

Trátase, en definitiva, de impulsar o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións aproveitando a sinerxía dos proxectos de construción de novas estradas autonómicas e logrando un aforro en tempo e investimento

Estableceranse as necesidades específicas previamente

Co fin de que as infraestruturas que se incorporen nas estradas sexan as máis adecuadas, o decreto prevé un procedemento de coordinación cos operadores de telecomunicacións de tal xeito que, antes de iniciarse a execución da obra, estes manifesten cales son as necesidades de infraestruturas que teñen nos diferentes tramos da estrada proxectada.



Así, as canalizacións e espazos que se reservarán estarán axustados ás demandas dos operadores. Para facilitar e axilizar este intercambio de información cos operadores, o decreto establece un procedemento de comunicación electrónica.

Cómpre sinalar que a Administración autonómica se obriga a si mesma a instalar un número mínimo de condutos de telecomunicacións independentemente da demanda actual, co fin de poder atender as demandas que poidan xurdir no futuro.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, baseándose nas súas competencias en materia de impulso das tecnoloxías da información e das comunicacións, será a encargada de xestionar as relacións entre os operadores e os promotores simplificando a coordinación entre os mesmos e procesando toda a información que se intercambia.

Ámbito de actuación

O decreto aplicarase a autoestradas, autovías, vías de alta capacidade e estradas convencionais que se constrúan de novo ou se desdobre; a proxectos que inclúan a execución de trazados de características especiais (viadutos, pontes, etc.) e a estradas que se remodelen nun tramo de cando menos 5 quilómetros e esa remodelación supoña modificar o seu trazado ou abrir gabias.

Unha lei que evita duplicidades e facilita os despregamentos

A Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, é instrumento legal para superar as deficiencias históricas que ten Galicia en materia de telecomunicacións.

Entre outras medidas, a lei establece, como recolle o decreto, a inclusión de canalizacións de telecomunicacións nas obras públicas autonómicas ou a previsión de fixar como obrigatoria a incorporación de infraestruturas de fogar dixital en vivendas de nova construción

Así mesmo, a lei obrigará os operadores e as administracións públicas a remitir información sobre os plans de despregamento executados ou previstos para evitar que se dupliquen esforzos e investimentos e acadar unha maior coordinación entre os axentes públicos e privados. Ademais, na lei enmárcanse outras medidas chave como fomentar o uso compartido de infraestruturas por parte dos operadores.

Máis de 237 millóns de euros en infraestruturas de telecomunicacións

Desde 2010, o Goberno galego vén realizando un importante esforzo no despregamento redes de telecomunicación, que se traduce no día de hoxe nun 97% de galegos con cobertura de internet (71% en 2009) e 1,4 millón de persoas con acceso a redes de 100 Mbps.



Esta evolución é o resultado das medidas do Plan de banda larga da Xunta que contou cun investimento público privado de 237 millóns de euros nos últimos catro anos.



A XUNTA AFORRARÁ MÁIS DE 30 MILLÓNS DE EUROS GRAZAS Á AUTOPROVISIÓN E CONTRATACIÓN CENTRALIZADA DE SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS

- ***A implantación deste sistema permitirá racionalizar e reducir os custos dos servizos***
- ***Apróbase o Catálogo de prestacións susceptibles de autoprovisión: asistencia xurídica, auditorías enerxéticas, avaliación de resultados, Administración electrónica e innovación e desenvolvemento tecnolóxico, entre outras***
- ***Determinanse as subministracións e os servizos susceptibles de contratación centralizada: mantemento, limpeza, seguridade, telecomunicacións, enerxía, combustible e material de oficina, entre outros***

O Consello da Xunta deu o visto bo ao acordo polo que se aproba o catálogo de medios e prestacións susceptibles de autoprovisión e toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación que serán obxecto de contratación centralizada cun aforro estimado de máis de 30 millóns de euros.

A Xunta, en cumprimento do mandato contido na Lei de racionalización do sector público autonómico, que entrou en vigor este mesmo ano, procede a aprobar o catálogo de medios e prestacións que serán obxecto de cooperación, colaboración e asistencia no seu ámbito interno.

Así mesmo, en desenvolvemento dos principios de racionalización e eficiencia do gasto público recollidos na mesma lei, determínanse as subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación que, polo seu carácter común, se poidan contratar de forma xeral e con características esencialmente homoxéneas para os diferentes órganos e organismos.

Para o efecto de cumprir esta previsión, no primeiro Consello da Xunta celebrado tras a entrada en vigor da lei, acordouse crear unha comisión interdepartamental que foi a encargada de elaborar esta proposta de catálogo único, que integra todos os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico, así como de delimitar a relación das subministracións, obras, servizos e outras prestacións susceptibles de contratación centralizada.

Autoprovisión

Coma consecuencia da posta en marcha da autoprovisión producírase un aforro estimado en 15 millóns anuais, dos que 10,9 xa están consolidados como consecuencia de ter acudido á asistencia interna da Amtega (6 millóns por servizos de administración electrónica); do Citex (3,9 millóns como consecuencia de servizos de información económico-financeira, elaboración de nóminas, entrada de facturas e pasarela de pagos, entre outros); e da Asesoría Xurídica Xeral (1 millón de euros pola



asistencia xurídica a 45 entidades do sector público autonómico). A estes 10,9 millóns, hai que engadirle 5 millóns anuais máis de aforro que se producirán como consecuencia da incorporación de novas prestacións a través deste mecanismo de autoprovisión: a execución de proxectos e certificacións de eficiencia enerxética nos edificios públicos por parte do Inega; a redacción de determinados proxectos de enxeñería civil por parte da Axencia Galega de Infraestruturas; a elaboración de metodoloxías e proxectos técnicos de recollida de información e procesamento de datos estatísticos a través do IGE e a cesión de instalacións para presentacións ou actos da Cidade da Cultura, entre outros.

Contratación centralizada

No que se refire ás prestacións obxecto de centralización cómpre ter presente que a Xunta iniciou xa no ano 2009 a práctica da contratación centralizada dalgunha destas subministracións e servizos, como son a limpeza, o mantemento de edificios administrativos, o servizo de atención ao cidadán, a seguridade e a vixilancia, o combustible, a electricidade, a rede corporativa, o arrendamento de impresión, as licenzas de software e o mantemento de edificios xudiciais.

Con este acordo, engádense novas subministracións e servizos que serán susceptibles de contratación centralizada: mensaxaría e paquetería, mantemento e reparación de vehículos, material de oficina e subministración de gas e gasóleo, entre outros.

Así, como consecuencia desta centralización, producirase un aforro anual estimado en 15,5 millóns de euros (15,5), aforro que comprende tanto o xa consolidado (13,4) como o previsto coas novas centralizacións e adhesións (2,1).



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE VARIOS TREITOS DE ESTRADAS AUTONÓMICAS A PROL DO CONCELLO DE CERDIDO

- **Trátase de distintos tramos das estradas As Felgosas-Esteiro (AC-102), As Felgosas-Espiñaredo (AC-110) e Ferrol-límite provincia-San Cibrao (AC-862)**
- **A entrega das vías formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)**
- **Correspóndenlle ao Concello de Cerdido, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de varios treitos antigos das estradas autonómicas As Felgosas-Esteiro (AC-102), As Felgosas-Espiñaredo (AC-110) e Ferrol-límite provincia-San Cibrao (AC-862) a prol do Concello de Cerdido.

Cómpre lembrar que o cambio de titularidade a prol do Concello de Cerdido supón a cesión de sete tramos antigos da estrada AC-102 (As Felgosas (AC-862)-Esteiro (AC-566)) comprendidos entre os puntos quilométricos: p.q. 0+570 ao 0+700, 0+810 ao 0+880, 1+090 ao 1+160, 1+700 ao 1+780, 2+100 ao 2+300, 5+540 ao 5+840 e 6+140 ao límite de concello.


Tamén se prevé a cesión de dous tramos antigos da estrada AC-110 (As Felgosas (AC-862)-Espiñaredo (AC-861), comprendidos entre o p.q. 0+495 e o 0+850 e desde o p.q. 4+930 ata o 5+340. Por último, tamén se cambia a titularidade do tramo antigo da estrada AC-862 (Ferrol-límite provincia), na actualidade denominado estrada AC-135 (AC-862-Ponte Bardelas-AC-862), de 1.010 metros de lonxitude.

En aplicación do artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, as entidades locais no marco das súas competencias e de acordo cos correspondentes plans de estradas, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade. De acordo co exposto, o Concello de Cerdido deberá incorporar ao seu Plan de estradas as vías ás cales se refire este decreto.

A entrega das vías formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Correspóndenlle ao Concello de Cerdido, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.





Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A XUNTA ACHEGA PRETO DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DO ABASTECIMENTO DE CEREDO MEDIANTE A CONSTRUCCIÓN DUNHA POTABILIZADORA

- ***As obras recollen un novo abastecemento a través dunha captación por gravidade no río Seixo, mediante un pozo do que partirá unha condución de 3.820 metros que chegará á nova ETAP***
- ***Xunto á ETAP proxéctanse dous depósitos circulares de 250 metros cúbicos de capacidade, entre os cales se instalará unha cámara de chaves que albergará, ademais das válvulas de control dos depósitos, os equipamentos de tratamento***
- ***A Xunta de Galicia, mediante estas actuacións, pretende mellorar a calidade da auga que abastece os habitantes do Concello de Ceredo e darlle servizo a unha poboación de máis de 1.200 habitantes***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financiera da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ceredo para a execución do abastecemento a este municipio desde o río Seixo e a estación de tratamento de auga potable (ETAP).

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega un importe de preto de 1,2 millóns de euros para a realización destas obras hidráulicas que mellorarán a calidade de vida dos habitantes deste municipio pontevedrés.

Na actualidade, o núcleo de Ceredo abastécese por gravidade do canal de derivación dun aproveitamento hidroeléctrico existente no Lérez. A auga deste canal está suxeita aos réximes de turbinas da central e non garante a calidade necesaria, xa que tamén recibe augas arriba o efluente da EDAR de Forcarei. A auga proveniente do canal é tratada unicamente mediante desinfección nun depósito duns 400 m³ de capacidade que non dispón de acometida eléctrica. Neste senso, as obras proxectadas darán solución a estes problemas, levarase a cabo un novo abastecemento, mediante unha captación por gravidade no río Seixo, que destaca pola excelente calidade das súas augas.

O proxecto prevé unha captación mediante pozo filtrante de aros prefabricados perforados de 2 metros de diámetro interior, rodeado de material filtro, mediante o cal se interceptará o nivel freático na marxe esquerda do río. Do pozo partirá unha condución cunha lonxitude de 3.820 metros, que chegará ata a nova ETAP. Tamén se executará unha nova condución, duns 160 metros de lonxitude para a condución de baixada desde o depósito de cabeceira ata a conexión coa rede actual.

Ademais da ETAP proxéctanse dous depósitos circulares de 250 m³ de capacidade e prefabricados de formigón, con cotas de auga 422,5 – 427,8 m, entre os que se



instalará unha cámara de claves que albergará, ademais das válvulas de control dos depósitos, os equipamentos de tratamento proxectados para a auga bruta (de desinfección e filtración).

A Xunta de Galicia, mediante estas actuacións, pretende mellorar a calidade da auga que abastece os habitantes do Concello de Cerdedo e darlle servizo a unha poboación estimada de 1.267 habitantes.



XUNTA E CTAG COLABORAN CON PSA PEUGEOT CITRÖEN PARA DESENVOLVER EN VIGO UNHA UNIDADE MIXTA DE INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO DAS INTERFACES DA CONDUCCIÓN AUTÓNOMA

- ***Cun investimento de máis de 4 millóns de euros, a iniciativa configúrase como a primeira unidade mixta de investigación entre unha grande empresa e un centro tecnolóxico apoiada polo Programa Innova en Galicia no marco da RIS3***
- ***Trátase dunha aposta decidida de Galicia pola atracción de centros de innovación nun sector estratéxico, a posibilidade de transferir coñecemento ás empresas mellorando a súa competitividade e a aposta polos centros tecnolóxicos galegos***
- ***O obxectivo é desenvolver novas interaccións e interfaces entre o condutor e o vehículo, apoiándose en ensaios de realidade virtual e a integración da realidade aumentada, co fin de facer comprensible, intuitiva e segura a automatización da conducción***
- ***As novas instalacións do CTAG, nas cales o Goberno galego investiu 10 millóns de euros, resultan clave para a atracción deste tipo de proxectos e oportunidades que impulsan o futuro da automoción en Galicia***

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola innovación como chave para impulsar a competitividade do tecido empresarial, está a promover a creación dunha unidade mixta de innovación entre empresas e centros tecnolóxicos galegos. Neste contexto, o Consello da Xunta informou hoxe do acordo de cooperación entre o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia – CTAG e a Axencia Galega de Innovación que, en colaboración con PSA Peugeot Citroën, desenvolverán en Vigo esta unidade de investigación no eido das interfaces home-máquina (IHM) ligada coa conducción autónoma.

Grazas a este proxecto, Galicia contará cunha unidade pioneira de I+D+i facendo de Vigo e de Galicia un referente no desenvolvemento de solucións innovadoras para o sector da automoción, que contribúa no futuro vehículo autónomo conectado. Isto reflicte a dinámica da planta viguesa na procura permanente de competitividade e de anticipación aos retos de futuro, permitindo incorporar novas tecnoloxías e apoiándose no atractivo de Galicia en materia de investigación e innovación.

Cun investimento de máis de 4 millóns de euros, a iniciativa representa a primeira unidade mixta singular promovida polo Programa Innova en Galicia no marco da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) e completa a orde de unidades mixtas que a Xunta resolverá nas próximas semanas. Deste xeito, búscase cimentar o crecemento económico da Comunidade na innovación e en actividades de alto valor engadido.



Así, o proxecto permite crear esta unidade mixta nun sector estratéxico da economía galega, que suma máis de 100 empresas e o 14% do PIB da Comunidade, e no cal o Goberno galego ten mobilizados investimentos por valor de 600 millóns de euros desde o 2009, a maioría en actuacións innovadoras.

Neste sentido, o acordo reforza a política de innovación que está a promover o Goberno galego que favorece a transferencia de coñecemento para crear riqueza e emprego. Así mesmo, a actuación supón unha decidida aposta polos centros tecnolóxicos galegos e polo seu talento, simbolizada neste caso no CTAG, en cuxas novas instalacións o Goberno galego investiu 10 millóns de euros, e que resulta clave para a atracción deste tipo de iniciativas que impulsan o futuro da automoción en Galicia.

O proxecto centrarase no desenvolvemento de novas interfaces entre o condutor e o vehículo apoiándose en probas de realidade virtual e a integración da realidade aumentada, condición indispensable para a introdución no mercado de vehículos autónomos e conectados. Para isto, o CTAG achegará especialistas en IHM, laboratorios, un dos simuladores e a pista de probas. Un equipo técnico e humano ao que se sumará a experiencia profesional de enxeñeiros da fábrica viguesa de PSA Peugeot Citroën e os recursos tecnolóxicos da Axencia Galega de Innovación e do CIS Galicia.

O resultado final desta cooperación será non só a posta en marcha da unidade mixta de investigación, favorecendo o a mellora competitiva dun dos ámbitos clave da automoción en Galicia, senón tamén a creación de valor a través de futuras innovacións, clave para mellorar a competitividade e o crecemento económico da Comunidade.



A PRÁCTICA TOTALIDADE DAS DEMOLICIÓNS EXECUTADAS ENTRE XANEIRO E AGOSTO DESTE ANO FORON VOLUNTARIAS

- *No que vai de ano, no conxunto da Comunidade, procedeuse á demolición de 70 construcións cun denominador común: constituír un delito moi grave en solo rústico sen autorización autonómica e sen licenza municipal*
- *Entre xaneiro e agosto de 2014 iniciáronse un total de 241 expedientes, dos que un 80% (194) xa están resoltos*
- *Dende a posta en marcha da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ao último ano cerrado, 2013, o número de demolicións executadas incrementouse nun 170%, ao pasar de 37 en 2009 ás 100 demolicións no pasado ano*

A práctica totalidade (99 %) das demolicións executadas entre os meses de xaneiro e agosto deste ano foron realizadas polos propios interesados, é dicir, voluntarias. Esta é unha das conclusións que se extrae do informe de balance presentado hoxe no Consello da Xunta de Galicia, celebrado esta mañá. Dende que se iniciou o ano ata o 31 de agosto procedeuse á demolición de 70 construcións, de diversa natureza, como por exemplo: estruturas de vivendas unifamiliares, galpóns, vivendas prefabricadas, casetas metálicas, vivendas unifamiliares finalizadas, etc. Non obstante, todas estas edificacións tiñan unha característica común: constituír un delito moi grave en solo rústico sen autorización autonómica e sen licenza municipal.

Dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sinálase que este tipo de actitudes demostran que cada vez máis a sociedade é consciente da necesidade de coidar e protexer o territorio galego fronte aos delitos urbanísticos, asumindo a parte de responsabilidade e de colaboración desta labor de protección que, cada vez máis, está presente na conciencia do galegos.

Ao mesmo tempo, avalan o obxectivo último da APLU, que non é o de derrubar, sancionar e recaudar, senón contribuír a ordenar e protexer o territorio galego, crear unha conciencia social de acatamento normativo e de respecto pola natureza e o coidado do medio.

Cómpre lembrar que a APLU deixa de percibir ata un 80% das sancións que son impostas aos infractores, cando este procede voluntariamente á reparación do ilícito.

Actividade nos 8 primeiros meses

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística actúa acorde a un Plan de inspección Urbanística definido baixo criterios imparciais. Así, no que vai de ano iniciáronse un total de 241 expedientes, dos que un 46% corresponden á provincia de Pontevedra (111). Nas restantes provincias iniciáronse os seguintes expedientes: 52 na Coruña, 48 en Lugo e 30 en Ourense.



Do número de casos iniciados, 241, un 80% xa están resoltos (194); co seguinte reparto por provincias: 67 na Coruña, 32 en Lugo, 14 en Ourense e 81 na provincia de Pontevedra.

Moitos destes expedientes culminaron cunha orde de demolición, pero tamén con multas coercitivas. Nos oito primeiros meses, a APLU impuxo un total de 250 multas coercitivas.

En relación cos expedientes na zona de servidume de costas, a APLU iniciou un total de 55 expedientes sancionadores; dos que se resolveron 17 e se impuxeron un total de 108 multas coercitivas.

Comparativa

Dende a súa posta en marcha ata o último ano completo, 2013, o papel e a actividade da Axencia foise consolidando e as cifras demostran este feito. Comparando o ano de inicio co último ano completo, rexístrase un incremento en todas as facetas, destacando os expedientes resoltos, que se incrementou nun 106% nos últimos cinco anos; ao pasar de 118 expedientes resoltos en 2009 aos 194 no pasado ano.

Tamén os expedientes iniciados rexistraron un aumento dun 34%, xa que en 2009 se contabilizaron 225 expedientes e en 2014 un total de 241.

As demolicións tamén experimentaron un importante aumento ao crecer nun 170% dende 2009, cando se procedeu ao derribo de 37 demolicións, fronte as 100 executadas en 2014.

En conclusión, a actividade da APLU dende o ano 2009 a agosto de 2014 registrou un total de 1.568 expedientes iniciados, dos que 1.292 foron resoltos, é dicir, o 82,4 %. Neste período tamén se contabilizaron 2.523 multas coercitivas impostas e leváronse a cabo 389 demolicións, das que tal como se citaba anteriormente o 99 % foron voluntarias no ano 2014. Ao longo destes anos, un total de 61 concellos galegos adheríronse á Axencia.

ACTIVIDADE DE 2009- AGOSTO 2014	
EXPEDIENTES INICIADOS	1.568
EXPEDIENTES RESOLTOS	1.292
MULTAS COERCITIVAS IMPOSTAS	2.523
DEMOLICIÓNS	389
CONCELLOS ADHERIDOS	61



Ordenar, mellorar e protexer o territorio

As accións da Xunta de Galicia están encamiñadas a unha ordenación, mellora, protección do territorio artículanse a través tres eixos fundamentais: a ordenación do territorio e urbanismo, a Estratexia Galega da Paisaxe e a reposición da legalidade.

O papel da Axencia Galega de Infraestruturas é velar polo uso racional do solo e o cumprimento da normativa urbanística a través de tres vertentes:

- A inspección dos usos e obras para comprobar a súa adecuación á lexislación urbanística.
- A tramitación e resolución de expedientes de reposición da legalidade.
- A tramitación e resolución de expedientes sancionadores pola comisión de infraccións urbanísticas.

No eido da ordenación, realizouse un intenso traballo dende o ano 2009 que permitiu aprobar o primeiro Plan de Ordenación do Litoral de Galicia ou as Directrices de Ordenación do Territorio.

Outro fito importante é o o impulso ao planeamento municipal, con apoio técnico e económico da Xunta de Galicia, na actualidade hai 78 plan xerais de ordenación municipal adaptados a Lei vixente, o que corresponde ao 40% da poboación galega.

Este obxectivo acadará un novo pulo coa nova Lei do Solo, que iniciará a súa tramitación como anteproxecto de Lei en breve, simplificará os procedementos para axilizar a redacción de planeamento, de xeito que permita a todos os concello dispoñer dun instrumento axeitado de planificación urbanística.

Outra ferramenta que reforzará o coidado e protección do territorio é a Estratexia Galega da Paisaxe que, coa súa revisión en 2014, incorpora novas accións e documentos que contribúen a identificación dos valores paisaxísticos de Galicia, potencia a integración e consideración da paisaxe na acción do Goberno e promoven a formación e concienciación social neste ámbito.



OS PROXECTOS DE INSERCIÓN LABORAL ACAPARAN A MAIOR PARTE DOS CONVENIOS DA XUNTA COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS NO PRIMEIRO SEMESTRE DESTE ANO

- ***O Goberno autonómico destinou a estes acordos máis de 1,3 millóns de euros, un 5,56% máis con respecto do mesmo período do ano anterior***
- ***Estas achegas ao sistema universitario de Galicia (SUG) realízase á maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do Plan de financiamento***

Os proxectos de apoio á inserción laboral dos titulados dirixidas ao alumnado universitario galego aglutinaron a meirande parte dos convenios que a Xunta de Galicia asinou coas universidades do sistema universitario de Galicia (SUG) durante o primeiro semestre deste ano.

Segundo se recolle no informe que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria elevou hoxe ao Consello da Xunta, o Goberno galego asinou un total de 60 convenios coas universidades entre xaneiro e xuño de 2014, o que representa un incremento do 20% en número de acordos con respecto ao mesmo período do ano anterior. O importe conxunto dos convenios ascende a máis de 1,3 millóns de euros, cantidade que supón un 5,56% máis ca no primeiro semestre do 2013.

Do conxunto dos 60 convenios asinados, o 28,3% están relacionados con iniciativas de apoio á inserción laboral dos titulados universitarios. Séguenlle moi de cerca os proxectos de apoio a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado (o 25% do total), mentres que o financiamento de másteres oficiais acaparou o 21,7% das accións e o 18,3 dos convenios foron para proxectos de investigación considerados de interese.

Por número de convenios asinados destacan a Presidencia da Xunta (15), Sanidade (12), a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (10), as consellerías de Traballo e Benestar e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (8 cada unha delas), Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (3), Economía e Industria (2) e Facenda e Medio Rural e Mar (con 1 cada unha delas).

En canto á repartición por universidades, a de Santiago de Compostela obtén o 57,18% das achegas neste período, a da Coruña o 24,42% e a Universidade de Vigo recibe o 18,41%.

O informe do que se deu conta ao Consello da Xunta foi emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e dos investimentos da Xunta de Galicia nas universidades



galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica. Non obstante cómpre salientar que estas achegas ao sistema universitario de Galicia (SUG) realízanse á maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do Plan de financiamento.



MÁIS DE 205.000 NENOS E NENAS RECÉN NADOS FORON REVISADOS DENDE O ANO 2002 E ATA DECEMBRO DE 2013 NO MARCO DO PROGRAMA GALEGO PARA A DETECCIÓN PRECOZ DA HIPOACUSIA NEONATAL

- ***De todos eles, algo máis de 1.300 necesitaron ser derivados ás unidades de diagnóstico para realizarlles probas complementarias***

Un total de 205.840 nenas e nenos recién nados foron revisados desde o ano 2002 ata decembro de 2013 dentro do Programa galego para a detección precoz da hipoacusia neonatal, segundo se desprende dos resultados dun informe que hoxe presentou no Consello da Xunta a titular da carteira sanitaria do Executivo galego, Rocío Mosquera. Esta cifra representa unha participación de preto do 100% de todas e todos os cativos nados nos hospitais do Sergas e maternidades privadas.

De todos os nenos e nenas participantes no programa, un total de 1.377 necesitaron seren derivados ás unidades de diagnóstico para realizarlles probas complementarias. Dende a implantación do programa, e ata decembro do pasado ano, detectáronse un total de 196 nenos e nenas con hipoacusia nas sete unidades de diagnóstico do programa. A taxa de detección no período 2012-2013 é de aproximadamente un por cada mil nenos cribados.

Cómpre sinalar que a xordeira é un problema de especial importancia durante a infancia xa que o desenvolvemento intelectual e social do neno ou da nena está intimamente unido á información que chega ao seu cerebro a través do oído. A ausencia do estímulo auditivo durante os tres primeiros anos de vida ten efectos adversos sobre o desenvolvemento do sistema nervioso central, dificulta a adquisición da linguaxe e impide a aparición da fala, provocando alteracións posteriores no desenvolvemento social, emocional, cognitivo e académico do rapaz.

No marco deste interese, tanto social como profesional, naceu no ano 2002 o Programa galego para a detección da xordeira no período neonatal, dirixido aos neonatos nados na nosa comunidade autónoma, que ten por obxectivo final evitar as secuelas comunicativas, psicolóxicas e sociolóxicas da hipoacusia infantil, mellorando a capacidade de comunicación e adquisición da linguaxe (receptiva e expresiva) dos nenos e das nenas con hipoacusia.

Entre as principais características do programa está o feito de que é universal e gratuíto, mantendo o principio de equidade. Ademais, realízase con equipamentos de última xeración e por profesionais especializados. Así mesmo, apóiase nun sistema que garante a calidade en cada un dos seus pasos.



Para facer realidade este programa tan complexo requiriuse unha implantación progresiva. Así, no ano 2005 o programa estaba implantado nos 14 hospitais do Sergas. A excelente dispoñibilidade das maternidades privadas permitiu que se iniciase no ano 2007 a implantación progresiva do programa nelas, unha vez que estes centros preparasen os seus sistemas informáticos e se establecesen os procedementos necesarios. No ano 2012 conseguíuse que o programa tivera unha cobertura do 100% dos nenos nados en Galicia.

Funcionamento

Tal e como se recolle no informe hoxe presentado no Consello, logo da realización da proba de cribado, aqueles nenos ou nenas que non a superan satisfactoriamente, son derivados ás unidades de Diagnóstico de Tratamento dos hospitais da rede pública de Galicia, co fin de confirmar ou descartar a presenza de hipoacusia. Despois do diagnóstico definitivo, e antes dos 6 meses de idade, os nenos e as nenas deben iniciar o tratamento, ben médico-cirúrxico ou de rehabilitación protésica e foniátrica axeitada, segundo cada caso individual, co fin de conseguir o máximo beneficio da detección precoz.

Sinalar, así mesmo, como un feito de enorme importancia, polo importante salto cualitativo que supuxo no control de calidade do programa, a sinatura no ano 2012 dun convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela, para a prestación de apoio técnico para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa adaptación protésica e seguimento audiolóxico dos nenos e das nenas diagnosticados polo programa.

